

Mar e porto de Corme: medio de vida no pasado e no presente

Versión en castelán: por la otra cara

Dende tempos antigos o mar de Corme e o seu porto foron motores de desenvolvemento da vila nas distintas actividades relacionadas co mar. Na actualidade, a pesca é a actividade máis importante, sobre todo a do percebe. O futuro do sector será a pesca responsable.

No século pasado, navegación comercial e pesca

Na historia de Corme o fecundo mar proporcionou moita pesca. Neste arriscado traballo perderon a vida arredor de cento cincuenta veciños de Corme. Os cormeláns souberon transformar esta riqueza pesqueira nun gran desenvolvemento da industria e da navegación. Nos inicios do século pasado converteuse no primeiro porto de España na exportación de madeira e tivo grande importancia na cabotaxe. A partir de 1920, a sardiña –pescada coa arte do xeito– e o congro axudaron a desenvolver a industria, con oito fábricas de salgadura e tres secadoiros de congro.



M. Vidal



M. Vidal

■ No fondeadoiro de Corme vemos doce balandros e dous pailebotes. En 1920 Corme tiña 45 mercantes ou petaches de menos de 500 t, dous con carreira a América e numerosas embarcacións como tarrafas e trañas para a pesca. Tamén dúas carpinterías de ribeira que constrúan barcos para toda España.



Presente e futuro: pesca responsable para conservar as pesqueiras

Na actualidade só a actividade da pesca segue a manter a súa importancia económica, aínda que con grandes reducións nas capturas totais por mor da pesca intensiva e doutros problemas. O percebe e o ourizo son as especies máis importantes na lonxa de Corme, ademais do polbo, da nécora, do congro e do xurelo. O futuro deberá orientarse cara á pesca responsable e sostible, que respecte as vedas, tamaños e cotas de peixe para conservar os recursos pesqueiros.



■ A confraría de Corme “Dulce Nombre de Jesús” fundouse no ano 1620.

Berce de mariñeiros ilustres

Esta relación de Corme co mar levouna a ter egrexios mariños, como Francisco Mourelle de la Rúa (1750-1820), xeneral da Armada na Guerra da Independencia e explorador da costa pacífica que descubriu varias illas da Polinesia. José María Mosqueira Manso (1836-1968), oceanógrafo e escritor vencellado a Castelao e ao galeguismo. Francisco Fernández Saleta (1890-1970), mariñeiro preferente que salvou un barco e a súa tripulación durante un temporal á altura de Fisterra e que obtivo a distinción da Cruz Laureada de San Fernando.



■ Óleo de Mourelle (Museo de Pontevedra), derrota e selo conmemorativo.



O porto de Corme ofrécenos produtos do mar de alta calidade; anímate a degustalos